

VI ENCONTRO ARTE E NATUREZA MAN DE CAMELLE

17, 18 e 19 de Maio

ORGANIZA: FUNDACIÓN MAN DE CAMELLE

DIRECCIÓN: CARMEN HERMO

COORDINACIÓN: ANTÓN SOBRAL (629818199)

CUSTO DA ACTIVIDADE: 25€

CRE_BEIRA_ANDO COMO MAN

DESENROLO DO PROXECTO

A percepción da realidade a través de fragmentos é unha das formas fundamentais para o noso coñecemento do mundo. Fragmentos reais e vestixios doutras épocas a través das cales estudiosos dos máis diversos campos descóbrennos os segredos de civilizacións pasadas.

Así mesmo esta percepción fragmentaria establécese como forma prioritaria para a aproximación a unha realidade proposta a través dos medios de masas. As novas tecnoloxías entraron na nosa vida de múltiples xeitos, condicionando, en moitas ocasións, a nosa forma de percibir a realidade. A televisión e internet, hoxe en día presente en case todos os fogares da sociedade capitalista, converteuse nunha especie de segunda fiestra á realidade exterior. Unha fiestra que sería, máis ben, un visor, xa que domestica e educa a nosa mirada, obsérvase o que outros miraron e escolleron para nós. Trátase dunha realidade fragmentada, con elipsis e montaxes que a converten noutra realidade diferente, unha realidade mediatizada.

Mergullámonos durante horas e horas, nunha realidade frecuentemente inexistente máis aló da propia pantalla. Ese espectador levemente consciente da manipulación que sofre a súa mirada, valoraría aquelas propostas que permiten certo grado de elección e participación dentro da proposta artística. Experiencias reais en espazos reais con obxectos ou fragmentos reais revalorízanse ante a outra realidade pantallizada.

A natureza fronte ao artificio, volver sentirse parte dela, mirando, paseando, tocando, escoitando, cheirando. Sen simulacros. Unha natureza atemporal, na que desde a mais tenra infancia discernimos os seus elementos e os que son alleos a ela. Nalgúns casos os elementos alleos son moito máis abundantes que os propios. Producimos unha media dun quilo de lixo ao día por persoa, gran parte dela acaba nos paraxes máis insospeitados.

Man traballou na natureza e para a natureza, recollía elementos que a mar traía día tras día ó seu fogar, á costa de Camelle, e construía todo o seu universo con estes anacos de realidade. Os xuntaba, os clasificaba, os manipulaba, disgregaba, recompoñía, ensamblaba, etc para articular a súa particular mensaxe artística. Estas obras de pequeno formato gardan unha pátina que fai pensar nas posibles historias polas que pasarían os obxectos que a compoñen, unha pátina de intimidade na caseta de Man ou entre as rocas do seu xardín onde manipulou os obxectos para acadar a forma final, unha pátina poética na que esas novas formas pódenn evocar no espectador retratos, lámparas, paisaxes, animais...

Tras a morte de Man descubriuse toda unha biblioteca baixo a súa casa, libros de arte que Man recortou, pintou, fotocopiou, suliñou, pegou e redibuxou ata o menor detalle. Un traballo que vai máis aló da lectura, unha manipulación que os personalizou tal e como facía con as crebas que o mar lle traía a súa beira.

Nesta ocasión este encontro de arte e natureza quere ser unha homenaxe a esas pequenas e íntimas obras de Man. Pola **beira** do mar, pola mesma beira que Man percorría a diario, recollendo **crebas** e imaxinando desde onde poden ter chegado, de que poderían formar parte. Xuntando unhas con outras configurando elementos dun novo universo. Facendo un exercicio colectivo de creatividade e poñendo nomes, títulos ou facendo contos sobre personaxes de ese novo universo. Pequenas obras de arte desde a natureza e para a natureza.

PROGRAMACIÓN: CREBEIRA_ANDO

Xoves 17

- 11:00 h. Recepción dos participantes na Casa do Alemán en Camelle.
Charla explicativa sobre o proxecto a cargo de Carmen Hermo.
Paseo polo espacio de traballo
- 13:00 h. Benvida do Alcalde de Camariñas e da responsable da Fundación Man Mercedes
- 13:30 h. Martín na Fundación Man.
Xantar en Camariñas.
- 16:30 h. Paseo e recollida de materiais polas praias de Arou.
- 20:00 h. Recital poético: Día das Letras Galegas. Alba Bidueira
Charla de Ruth Montiel.
- 22:00 h. Cea

Venres 18

- 10:00 h. Na Casa do Alemán. Xornada de traballo. Consolidación dos grupos.
Adecuación do espacio de traballo. Máis paseos. Máis falar. Máis pensar.
- 14:00 h. Xantar.
- 16:30 h. Montaxe da obra e fotografías. Historias e títulos.
- 20;30 Charla sobre as Crebas por Francisco Fernandez Naval, Chisco
- 22:00 h. Cea

Sábado 19

- 10:00 h. Posta en común e proxección das obras.
- 12:00 h. Bicos, apertas e ata outra.

DESENROLO DA ACTIVIDADE:

1. LOCALIZACIÓN

As beiras de Man, as praias de Camelle, as rocas da costa, as paraxes onde chegemos a pé dando un paseo.

- a) Materiais:
Ordenador e proxector de vídeo.
- b) Metodoloxía:
Presentación da actividade.
- c) Temporalización:
Unha hora para a presentación.

2. IDENTIFICACIÓN DE ELEMENTOS E ACHADOS FORTUITOS

Unha primeira aproximación na que se irá identificando cada un dos elementos característicos que definen esa contorna. A paisaxe, identificación e identidade. Elementos descontextualizados, impropios, residuos, fragmentados, entrópicos. Identificación por formas, cores, densidades ...

- d) Materiais:
Bolsa.
Cámara fotográfica persoal.
- e) Metodoloxía:
Paseo libre, falando, conocendose, mirando, respirando, tocando.
- f) Temporalización:
Unha hora de paseo libre.

3. RECOLECCIÓN E ESTUDO

Unha vez identificados os elementos impropios se recolectan para o seu estudo e tratamento.

- g) Materiais:
Caderno de notas.
- h) Metodoloxía:
Análise e clasificación dos elementos.
- i) Temporalización:
Duas horas

4. CLASIFICACIÓN

Dependendo dos elementos aportados pódese realizar unha ou varias clasificacións dependendo do criterio empregado. Posibilidades de reagrupamiento e clasificación seguindo criterios plásticos: cor, textura, forma. Seguindo criterios acústicos: cruxintes, chirriantes, tintileantes, ocos, macizos,... Seguindo criterios matéricos: pétreos, celulósicos, orgánicos, polímeros, ... Seguindo criterios histórico-antropolóxicos: utensilio, residuo, fragmento, achado, ... Seguindo criterios cronolóxicos: antigo, contemporáneo, ... Seguindo criterios táctiles: áspero, suave, rugoso, punzante, satinado, pulido, desgastado, ... Seguindo criterios gustativos ou olfativos?

- j) Materiais:
Os distribuídos e recolectados anteriormente.
- k) Metodoloxía:
Reorganización e realmacenamiento dos elementos
- l) Temporalización:
Unha hora.

5. ENCONTROS FORTUITOS ENTRE (un paraugass e unha máquina de coser)

Durante calquera fase do proceso pódese producir un encontro fortuito que nos achegue á articulación da propoestra artística. Sería interesante poder documentar tamén ese momento.

m) Materiais:

Caderno de notas

n) Metodoloxía:

Anotacións ao longo de toda a actividade.

o) Temporalización:

Durante todo o proceso.

6. OBRA

Elaboración da obra. De xeito individual ou colectiva realizarase a obra final, unha obra efémera que deberá documentarse fotográficamente. Os elementos sobrantes así como os que formen parte da obra almacenarase selectivamente para a súa correcta eliminación. As obras poden descontextualizarse da contorna ou formar parte dalgunha localización non se establece un formato predeterminado, o formato unificarase mediante a fotografía.

p) Materiais:

Material de corte e adhesivos.

Cámara de fotos.

q) Metodoloxía:

Cada participante realizará a súa obra na ubicación que considere oportuna.

Fotografado da obra.

r) Temporalización:

3 horas.

7. O NOME, O TÍTULO, O RELATO

Como proposta metodolóxica se lles podria suxerir a cada un dos participantes que iniciasen un relato sobre algún dos elementos atopados, de forma individual ou colectiva, se resulta excesivo poderíase probar a porlle un nome ou dar un título. O xeito na que chegaron ata alí, si formaban parte de algo especial, como chegaron a adquirir esa nova dimensión ou calquera outra fabulación sobre un obxecto ou partes de obxectos que se cruzaron no noso momento ou referido a outro momento ou a outro lugar remoto.

s) Materiais:

Os elementos recolectados e destacados.

t) Metodoloxía:

Presentación da actividade.

u) Temporalización:

en calquera momento.

8. POSTA EN COMÚN, EXPOSICIÓN

É importante finalizar esta actividade cunha posta en común de cada unha das obras realizadas, tendo oportunidade cada un dos participantes de argumentar determinados aspectos da súa obra, así como tamén poder suscitar dúbidas sobre as outras obras.

v) Materiais:

Ordenador e proyector de vídeo.

w) Metodoloxía:

Presentación das diferentes propostas polos seus autores.

x) Temporalización:

1 hora para a presentación e debate.